

4

España e os seus habitantes



Moitas persoas e unha soa familia

Cando un montón de persoas queda en silencio e coa vista cravada en ti, non sabes onde meterte. Sobre todo se acabas de dicir a berros unha barbaridade. E xa é malo se son tres ou catro persoas, pero se son dezanove como é o meu caso, é para que che dea unha volta. Si, é que nesta casa hai nada menos que dezanove persoas pasando o verán. Ben, vinte contándome a min. Está completamente abarrotada!

TERESA BROSETA: *Hermanos hasta en la sopa!*, Ediciones SM

Falamos

1 A protagonista desta historia chámase Carlota. Con cantas persoas vive agora mesmo? Como é a casa? Parécese á túa?

2 Como será a convivencia na casa de verán de Carlota? Que normas cres que farán falta?



3 Na escola, no traballo ou no barrio convivimos con moita xente.

- Cantas persoas viven na túa localidade? Como poderías calcular a poboación dun lugar?
- Que normas da túa localidade coñeces?
- Hai algunhas normas que temos que cumprir todos os españois. Que cres que regularán?





**Que importante é...
organizar a convivencia!**

O noso país é unha democracia e está formado por varios territorios. Para que non xurdan problemas, é moi importante estar ben organizados.

Tarefa final

As empresas modernas teñen en conta valores sociais como a igualdade, a xustiza ou o respecto ao medio ambiente. Convértete en empresario e crea o teu propio negocio!

España é unha democracia

Nos deportes establécense unhas normas e instrucións. En caso contrario, non poderíamos sancionar as faltas, saber quen gaña... O noso país tamén necesita instrucións e normas para funcionar.



Que é unha democracia?

A **democracia** é unha forma de goberno na que os cidadáns elixen os seus representantes para dirixir o país.



- Na democracia os **maiores de 18 anos** elixen aquel partido político que queren que os represente. Para iso escoitan as ideas dos partidos e despois **votan**.



- As persoas elixidas representan os votantes no **Parlamento**, que é unha asemblea na que se expresa a **vontade do pobo**. Esta vontade transfórmase en **leis**.

España é unha democracia e por iso conta con **leis e mais normas xustas** que todos debemos respectar. Os **valores** das nosas leis son a **liberdade**, a **xustiza** e a **igualdade**.

A Constitución



A **lei máis importante** de España é a **Constitución**. Esta norma **aproboouse en 1978** e nela aparecen:

- Os **dereitos** de todos os españois, como o dereito ao traballo, á educación, á saúde e á igualdade.
- Os nosos **deberes**, como o respecto ás leis, o pago dos impostos e a protección do medio ambiente.
- O funcionamento do **Goberno** de España.
- A **organización do territorio**.



Sabías que...?

A Constitución tamén defende os dereitos dos nenos e dos mozos en moitos dos seus artigos.

Os dereitos máis importantes dun neno son a atención dos pais, a liberdade relixiosa, a educación...

- Cales son os teus deberes como neno?

España é unha monarquía parlamentaria



Filipe VI é o rei de España.

España é unha **monarquía**. Nela o **rei** é o **xefe de Estado**, que debe representar os españois e defender a Constitución. Ademais, é **parlamentaria** porque o rei non é quen fai as leis nin goberna:

- As leis elabóranse no **Parlamento español**, formado por dúas asembleas, que chamamos **Cortes Xerais**.
- As Cortes elixen un **Goberno** que pon en práctica as leis.
- Os **tribunais de xustiza** vixían que as leis se cumpran.



- Nas **Cortes** reúnen os deputados e os senadores dos partidos políticos, elixidos polos cidadáns para **proponer e aprobar as leis**.



- As Cortes elixen un **Goberno**, que está formado polo presidente do Goberno e polos ministros para que **fagan funcionar** as leis.



- Os **xuíces** e outras persoas expertas traballan nos tribunais de xustiza. Eles vixían e fan que se **cumpran e respecten** as leis.

- ▶ España é unha democracia organizada como **monarquía parlamentaria**. A súa lei máis importante é a **Constitución**.
- ▶ O **rei** é o xefe de Estado, as **Cortes Xerais** elaboran as leis e os **tribunais de xustiza** fan que se respecten.

Actividades

- 1 Copia a opción correcta de cada oración.
 - a) A Constitución é a [assemblea/lei] máis importante de España.
 - b) Na Constitución establécense os [dereitos/valores] dos españois.
 - c) O rei [representa/goberna] os españois e é o xefe de Estado.
- 2 Explica o que é a monarquía parlamentaria. Coñece outras formas de goberno na páxina 138.

Usa todos os teus recursos

- 3 Quen se encarga destas tarefas?

elaborar as leis

explicar as leis

xulgar se se cumpren as leis
- 4 Busca na Constitución de 1978 dous dereitos e dous deberes dos españois.
- 5 sm**Celme**dixital.com
XOGA E APRENDE Adiviña que nome reciben tamén as **Cortes Xerais**.



Como se organiza o territorio?

Un colexio conta cun director, coordinadores, profesores... Imaxinas que ninguén organizase un horario e todos usásemos o ximnasio á vez? Sería imposible!

Da mesma forma, España está dividida en territorios que necesitan organizarse dalgunha maneira. Ocorreseche que poderías facer para organizar eses territorios?

O meu municipio

A nosa localidade atópase nun **municipio** onde se organizan os asuntos e os servizos municipais. Os **municipios** son a menor división territorial de España, e están formados por un **territorio** municipal e pola súa **poboación**.

O **concello** é quen se encarga de gobernar o municipio e se ocupa da limpeza das rúas, da iluminación... O goberno dos concellos elíxese por **votación** dos cidadáns do municipio.

A miña comunidade autónoma

Varios municipios forman unha **provincia**, que está gobernada por unha deputación provincial. Á súa vez, unha ou varias provincias forman unha **comunidad autónoma**.

Cada comunidade ten un **gobierno propio** que se ocupa de cuestións como a vivenda, a sanidade, a educación ou a economía en todas as súas provincias.




smCelmédixital.com

COMPRENDE Observa neste exemplo a **organización do territorio**: o municipio, a provincia e a comunidade.

Observa e comprende

A organización do territorio español



PROVINCIA
É a agrupación de varios municipios. O seu órgano de goberno é a **deputación provincial**.

COMUNIDADE AUTÓNOMA
As **comunidades autónomas** teñen goberno e parlamento propios para aprobar leis no seu territorio.

ESPAÑA
Forma parte da **Unión Europea** e comparte con outros europeos a moeda, as normas e as institucións.

O MUNICIPIO: UN GOBERNO EN PEQUENO TAMAÑO



- Os cidadáns maiores de idade que viven no municipio **votan** para elixir os seus **concelleiros**.
Para iso, os partidos políticos presentan os seus candidatos e un programa de goberno.
- Os concelleiros funcionan como representantes do pobo e, entre todos, elixen un deles como **alcalde**.
O alcalde e os concelleiros reúnen-se en asembleas chamadas **plenos** municipais e deciden que hai que facer.
- O concello organiza os **servizos municipais básicos** para a poboación.
Eses servizos son a protección cidadá, a limpeza, a atención de anciáns, o transporte e a cultura e o deporte.

- ▶ A división do territorio español de menor tamaño é o **municipio**. Varios municipios forman unha **provincia**.
- ▶ Unha ou varias provincias forman unha **comunidade autónoma**. España está composta por dezasete comunidades.
- ▶ España forma parte da **Unión Europea**.

Sabías que...?

Os lugares onde se colocan as urnas para ir votar son centros escolares. Son os colexios electorais.

- Sabes se é o caso do teu colexio?



Actividades

- 6 Relaciona as columnas no teu caderno.

municipio •
provincia •
comunidade autónoma •
país •

• deputación
• Goberno de España
• concello
• goberno autonómico

- 7 Quen se encarga de organizar os servizos municipais para a poboación?

Usa todos os teus recursos

- 8 Busca no *Atlas* o mapa político de España e sinala en que provincia vives. É unha provincia costeira ou interior?
- 9 Busca no teu *Atlas* o mapa da UE e fai unha lista cos 28 países e as súas capitais.
- 10  **sm** Celmédixital.com
PRACTICA Localiza as comunidades autónomas no **mapa político interactivo** de España.

3 Os habitantes de España

Cando camiñas pola rúa ves que hai moitas persoas. Quen son? Encárgase alguén de saber quen vive na túa localidade?

Estudar a poboación



A **poboación** é o conxunto das persoas que viven no mesmo territorio. O estudo da poboación chámase **demografía** e recolle datos mediante:

- O **censo**, que rexistra cantas persoas viven en España, a súa idade, sexo e orixe. Faise cada dez anos.
- O **padrón**, que rexistra os nacementos e as mortes na poboación dun municipio. Calcúlase cada ano.

Como é a poboación española?

En España vivimos máis de 46 millóns de **habitantes**. Este número cambia segundo os nacementos, as mortes e as **migracións**, que son os traslados de persoas dun país a outro.

En España hai poucos **nacementos** e a xente vive cada vez **máis anos**. Ademais, ata hai uns anos chegaban moitas persoas doutros países para traballar en España, pero agora moitos mozos **emigran** a Europa.

OS CAMBIOS NA POBOACIÓN



A **natalidade** é o número de nacementos.



A **mortalidade** é o número de falecementos.



Os **inmigrantes** son as persoas que veñen residir a un lugar.



Os **emigrantes** son as persoas que van vivir a outro lugar.

Taller de Xeografía

Interpretamos a pirámide de poboación de España

Os datos de poboación pódense representar nas pirámides de poboación. Trátase duns gráficos que mostran como é a poboación dun lugar, organizada por grupos de idade e sexo.

Grupos de idade



Se a base da pirámide é estreita, significa que hai poucos nacementos. En España nacen poucos nenos.

En España aumentan os grupos de idade, pois as persoas cada vez viven máis anos.

Cantidade de persoas por cada grupo de idade.

11 En que grupo de idade te encontras ti? Como é a base desta pirámide? Por que?

A densidade de poboación

En todo o mundo hai lugares onde viven moitas persoas e outros que están case despoboados. Esta relación entre a cantidade de persoas que viven nun lugar e o tamaño dese territorio é a **densidade de poboación**.

As persoas elixen o lugar para asentarse e vivir segundo as condicións do **clima**, do **relevo** e do acceso á **auga**.

En Europa e en España a maioría das persoas viven na **costa** ou nas **capitais** dos países.



As **costas** e os **arquipélagos** son as rexións máis poboadas. Esta é a cidade de Bilbao, unha gran poboación da costa cantábrica.



O **interior** está máis despoboado, excepto Madrid e outras cidades. Esta é unha zona rural do interior de Castela-A Mancha.



- ▶ A **poboación española** é o número de habitantes que vive no noso país. A **demografía** é a ciencia que estuda a poboación e os seus cambios.
- ▶ A **densidade de poboación** é máis alta na costa e nas grandes cidades.


Actividades

- 12 Copia a táboa e marca a casa correcta.

	Fai que aumente a poboación	Fai que se reduza a poboación
Nacementos	●●●	●●●
Defuncións	●●●	●●●
Emigración	●●●	●●●
Inmigración	●●●	●●●

Usa todos os teus recursos

- 13 Observa o mapa e sinala catro comunidades con elevada densidade de poboación. Están na costa ou no interior?

- 14  smCelmedixital.com
PRACTICA Descubre como se reparte a poboación española.



Párate a pensar

Vivir en sociedade quere dicir que compartimos un lugar con outras persoas, no que todos gozamos duns servizos comúns e dunhas leis. É moi importante que todos o teñamos en conta porque non vivimos sós!



Explica como é o país no que vives!

Veu unha rapaza nova ao colexio. Chámase Björk, é islandesa e encántalle a música. Islandia non é un país da Unión Europea, non é unha monarquía e non se divide en autonomías.

Podes axudarlle a comprender como é España?

- 15 Escribe no teu caderno unha definición da Constitución española con estes datos.


monarquía parlamentaria

1978

lei máis importante

dereitos e deberes

- 16 Björk enleouse coas divisións administrativas de España e Europa. Debuxa o esquema no teu caderno e complétoa para ela.



municipio
Unión Europea
comunidade autónoma
España
provincia

- 17 Cada un ten que cumprir co seu traballo! Anota no teu caderno o nome das seguintes institucións e indica cales son as súas obrigas.



Facer unha lei para que todas as persoas teñan unha casa onde vivir.

Castigar as persoas que non respectan as leis e as incumpren.



Pensar onde son necesarios máis hospitais, escolas ou autoestradas, e construílos.



Representar a todos os españois e controlar o bo funcionamento das institucións.


Un estudo de poboación

Björk pasou a formar parte dos cinco millóns de persoas que inmigraron a España no século XXI. Este é un dato moi importante.

18 Explica a importancia que ten a inmigración nos datos demográficos dunha localidade como Vilanova do Sil, na que, segundo o censo, había 9.500 habitantes hai un ano.

- Para ver canto aumentou a poboación de Vilanova do Sil, suma os nacementos e os inmigrantes á poboación inicial.
- Logo, a ese resultado réstalle os falecementos e os emigrantes. Obterás o número actual de habitantes en Vilanova do Sil.
- Completa o diagrama de barras coa poboación actual da localidade.
- Medrou a poboación, mantense igual ou diminuíu?

55 nacementos
40 falecementos
25 inmigrantes
12 emigrantes



Como se elixe un alcalde?

19 Carme é a nai de Xián e quere poñer en práctica as súas ideas para mellorar os servizos públicos na cidade. Por iso, quere presentarse ás eleccións municipais e chegar a ser alcaldesa. Antes, necesita ordenar o proceso que debe seguir.

En grupos, facede tarxetas parecidas, ordenádeas e organizade unhas eleccións.

Carme ten que esperar a que sexa un ano electoral.

Un partido político ten que presentala como candidata para alcaldesa.

Os cidadáns teñen que elixila concelleira nas votacións.

Durante a campaña electoral, explicará o seu programa para mellorar a cidade.

Se xa é concelleira e a votan os demais concelleiros nun pleno municipal, será a alcaldesa da cidade.

Carme xa é alcaldesa. Pode traballar e así cumprir o que había no seu programa para mellorar a cidade.

As actividades económicas en España

Seguro que sobre a mesa tes un caderno, un lapis, pinturas... Neste mesmo instante hai moitas persoas que traballan para que poidas telos!

Quen pode traballar?

O **traballo** é a actividade humana que ten como obxectivo a produción de bens e servizos.

É importante que as persoas traballen, pero non todos os habitantes de España poden facelo:

- A **poboación activa** son aquelas persoas maiores de 16 anos que traballan ou queren facelo. Os que traballan forman parte da poboación **ocupada**. Se buscan emprego trátase de poboación **en paro**.
- A **poboación non activa** son as persoas que non teñen idade de traballar, como os nenos, e os **xubilados**. Tamén son poboación non activa as persoas que non poden ou non queren traballar a cambio de diñeiro.



Traballa coa ilustración


- 20 Fai unha lista dos membros da túa familia.

Cales forman parte da poboación activa? E da poboación non activa?

OS SECTORES ECONÓMICOS

O **sector primario** é o conxunto de actividades que se ocupa de obter as materias primas.


O **sector secundario** transforma as materias primas noutros produtos.



O **sector terciario** agrupa os traballos que ofrecen servizos.

O traballo no sector primario

As persoas que obteñen as materias primas da natureza traballan no **sector primario**. Pertencen a este sector os traballadores da **agricultura**, a **gandaría**, a **pesca** e a **minaría**.



En España existen cultivos de **secaño**, como os cereais, e de **regadío**, como as hortalizas.



En España destacan a gandaría **bovina**, **ovina** e **porcina**, e as granxas de **aves**.




A **pesca** pode ser **tradicional** ou **industrial**. Esta realízase en grandes barcos pesqueiros.

O traballo no sector secundario

As persoas que fabrican produtos a partir das materias primas traballan no **sector secundario**.

As industrias que destacan en España son:



A industria da **alimentación** produce conservas e alimentos elaborados.



A industria do **automóbil**, a **química** e a da **enerxía** aplican **grandes avances técnicos**.



O sector da **construción** deseña e realiza estradas, ferrocarrís e vivendas.

- ▶ O **traballo** é a actividade humana que produce bens e servizos.
- ▶ Os sectores económicos son tres: **primario**, **secundario** e **terciario**.
- ▶ O **sector primario** obtén materias primas. O **sector secundario** transfórmaas para fabricar outros produtos.

Actividades

- 21 Explica que é a poboación activa.
- 22 Debuxa unha paisaxe dedicada ao sector primario. Que actividades destacan?
- 23 smCelmédixital.com **PRACTICA** Sabes a que sectores pertencen estas actividades?




Na actualidade, a maior parte dos españois vive en cidades e traballa en actividades do sector terciario. Isto quere dicir que prestan os seus servizos como avogados, policía, médicos...

En que traballan os teus familiares? A que sector pertence o seu traballo? En cal che gustaría traballar cando sexas maior?

Que servizos nos ofrecen?

As empresas deste sector venden produtos ou ofrecen servizos a cambio de diñeiro. As súas actividades son:

- O **comercio**. Véndense produtos ou danse servizos en tendas, grandes comercios e portais de internet.
- O **transporte**. Ofrécense medios para trasladar persoas e mercancías dun lugar a outro.
- O **turismo**. Organízanse as viaxes e o aloxamento das persoas fóra da súa localidade habitual.
- Tamén traballan neste sector **profesionais** como os mestres, os policía, os bombeiros ou os médicos.



Esta tenda é unha empresa dedicada ao comercio de artigos turísticos. Para recibir as súas mercancías, usa o transporte.

Observa e comprende

As vías de comunicación

Na nosa vida cotiá necesitamos **vías de comunicación** para desprazarnos ao colexio ou ao traballo, transportar cousas ou viaxar. As vías de comunicación poden ser **terrestres, marítimas** ou **aéreas**.



Taller de Xeografía

Circula con seguridade!

As vías de comunicación son fundamentais para a economía, pois permiten transportar persoas e produtos, pero tamén obrigan a respectar unhas **normas de seguridade**.

Antes de cruzar, hai que mirar a ambos os lados da rúa e comprobar que os vehículos están parados.



Os **semáforos** evitan accidentes. Non son só para os vehículos, senón tamén para as bicis e os peóns.

Os **policías** e os **sinais de tráfico** son necesarios para unha circulación segura.



Todos os pasaxeiros dun vehículo deben usar o **cinto de seguridade**, e os nenos, ademais, deben usar unha **cadeira adecuada**.

Os **espazos peonís** son os máis seguros para xogar ou pasear.



24 É aconsellable entrar e saír dos vehículos polo lado máis próximo á beirarrúa. Explica por que e deseña un sinal de tráfico para indicalo.

- ▶ As actividades máis destacadas do sector servizos son o **comercio**, o **transporte** e o **turismo**.
- ▶ Por **seguridade**, debemos respectar **as normas de tráfico**.

Sabías que...?

Os **voluntarios** traballan e tamén axudan a aqueles que o necesitan e non reciben un salario. Porén, o seu traballo ten moito valor.

- Que exemplos coñeces?


Actividades

25 Que tipo de comercio representa cada imaxe? Fai unha lista cos tipos de traballo que se ven en cada unha.



Usa todos os teus recursos

26 Consulta no teu *Atlas* o mapa das vías de comunicación en Galicia. Hai algunha autovía ou liña de ferrocarril próxima á túa localidade?

27  smCelmédixital.com
PRACTICA Consulta a **guía turística...**
E a viaxar!



Os anuncios da televisión mostran viaxes a praias paradisíacas, xogos atractivos, roupa de mil cores... Cantas cousas que comprar! Pero que necesitas realmente? Poderías comprarlo todo?

Que consumimos?

A comida, o calzado, a roupa ou a calefacción cando vai frío son produtos de **primeira necesidade** para nós, é dicir, necesitamos consumilos ou comprarlos.

Porén, en ocasións, consumimos outros **produtos que non son tan necesarios** e que compramos, simplemente, porque nos gustaría telos ou por renovar outros anteriores, malia que estes aínda nos sirvan.

O papel da publicidade

As empresas utilizan a **publicidade** para mostrarnos os seus produtos.

Nós recibimos esa información a través de carteis, de anuncios na televisión, na radio ou na prensa, e de mensaxes en internet.

Como **consumidores** debemos distinguir cales deses produtos nos fan falta de verdade e cales non antes de comprarlos.

Gastar ou aforrar?

Consumir demasiados produtos que non necesitamos pode ter graves **consecuencias negativas**:

- Gastar máis do que podemos causa problemas na **economía das familias**, que non poden aforrar e, ás veces, quedan sen diñeiro para as cousas máis necesarias.
- Utilizamos enerxía e materias primas para fabricar todos os produtos, transportalos e usalos. Por iso, un consumo excesivo pode **esgotar os recursos do planeta**.
- Usar e tirar produtos xera lixo. O exceso de lixo é **contaminante**.

Por iso, convén facer unha lista coas cousas que realmente necesitamos e pensar ben antes de comprar un produto, especialmente se é moi caro!

O CONSUMO RESPONSABLE




Non debemos comprar cousas por impulso. Hai que valorar antes a necesidade daquilo que queremos.



Para aforrar enerxía, podemos ir ao colexio a pé, en transporte público ou en bicicleta.



Podemos reutilizar materiais para facer traballos manuais, e o resto de residuos debemos tiralos no colector correcto.



sm**Celme**dixital.com

PRACTICA E ti, **consumes con responsabilidade?**



Observa e comprende A importancia da publicidade

Seguramente recordas algún anuncio da televisión ou do cine que che gustou polas imaxes ou pola súa música. Tamén hai anuncios na radio, nos periódicos ou nos grandes carteis da rúa. Como inflúe a publicidade na nosa sociedade?



É unha forma de arte que, en ocasións, emociona e entretén.

Permite coñecer novas empresas ou produtos.

Os xornais e os medios de comunicación reciben diñeiro da publicidade.

Axuda a pagar actos culturais ou deportivos.

A publicidade vende produtos. Nós debemos pensar se realmente nos convén compralos.

- ▶ É necesario **consumir** de maneira **responsable** e pensar ben antes de comprar.
- ▶ Os empresarios informan sobre os seus produtos ou servizos por medio da **publicidade**.

Actividades

- 28 Fai unha lista con produtos necesarios e outra con produtos menos necesarios. Cales comprarías primeiro?
- 29 Compara as imaxes. Cal é o comportamento correcto? Por que?



Usa todos os teus recursos


- 30 Completa a táboa no teu caderno coa información que creas máis acertada.

Tipo de consumo	Consecuencias negativas
Demasiados produtos	●●●
Gasto excesivo das familias	●●●

- 31 Investiga que é un logotipo. Por que é importante na publicidade?
- 32 Cal é o teu anuncio preferido? Por que che gusta? Que anuncia?

Organiza as túas ideas

A SOCIEDADE EN QUE VIVIMOS



Traballa co esquema

- 33 Copia e completa no teu caderno o esquema con estas palabras.

non activa - Constitución - municipios -
aforrar - monarquía - padrón - densidade
- primario - terciario

- 34 Pensa en que lugar do esquema deberían colocarse estas imaxes. Escribe A ou B no esquema do teu caderno alí onde corresponda.



- 35 Completa este diagrama e engádeo ao esquema do teu caderno.



- 36 Completa no teu caderno as seguintes oracións sobre a poboación.

- A poboación mídese co e o .
- A densidade de poboación é o número de dun territorio en relación co seu tamaño.
- En España, hai maior densidade de poboación na ca no interior.

- 37 Escribe cada un destes traballos no sector da economía que corresponda.

mineiro - agricultor - médico -
artesán - bombeiro - obreiro

Repasa a unidade

- 38 Le este artigo da Constitución e anota no teu caderno a opción correcta.

A forma política do Estado español é a monarquía parlamentaria.

- O rei é o xefe de Estado e non hai asembleas.
- O rei fai as leis.
- O rei é o xefe de Estado e as Cortes Xerais elaboran as leis.

- 39 Organiza as palabras e escribe unha frase.

territorio

poboación

municipio

concello

órgano de goberno

- 40 Copia este mapa de España no teu caderno e nomea cada comunidade autónoma. En cal vives ti? E en que provincia?



- 41 Saira é unha nena que acaba de chegar a España. Completa o texto para explicarlle como se organiza o noso territorio.

O Estado organízase territorialmente en , en e en comunidades . Un exemplo de municipio é a miña localidade, que se chama .

- 42 Recorda como se calcula o número de habitantes e completa a táboa. Despois, responde as preguntas.

Poboación hai un ano		Número de habitantes
		3.500
Nacementos	50	3.550
Falecementos	30	<input type="text"/>
Inmigrantes	25	<input type="text"/>
Emigrantes	15	<input type="text"/>
Poboación actual		<input type="text"/>

- A poboación aumentou ou diminuíu? Canto?
 - Cantas persoas emigraron a outro lugar? Cantas viñeron?
- 43 Completa no teu caderno o esquema de debaixo coas palabras da caixa.

camareiro - obreiro - gandeiro

sector primario

sector secundario

sector terciario

- 44 Fai unha lista dos transportes públicos que podes utilizar na túa localidade. Cales son as vantaxes do seu uso?
- 45 Completa no teu caderno os carteis deste debuxo.

casco protector - rodas en bo estado - chaleco visible - luces ou reflectores



Ponte a proba

Creamos un anuncio de publicidade

Os anuncios cambiaron moito ao longo da historia e sempre usaron os medios de comunicación máis modernos de cada época. Imos crear un cartel publicitario!

- 1 Formade grupos de traballo. Cada un dos membros do grupo vai traer un anuncio recortado dunha revista ou dun periódico.
- 2 Comparade os anuncios que trouxeron os compañeiros. Que é o que teñen en común e cales son as súas diferenzas? Apuntádeo todo nunha lista.
- 3 Debuxade un cartel nunha cartolina pequena. Inventade un produto, create unha frase que chame a atención e facede que se venda ben!



Tarefa final Emprendemos un negocio!

En grupos, imos crear empresas dalgún dos tres sectores económicos.

- PASO 1** Pensade a que queredes que se dedique a vosa empresa e explicádeo nun texto. Tedes que dicir a que sector da economía pertence.
- PASO 2** Repartide as funcións dentro da empresa: traballador, empresario, transportista ou vendedor. Escribide cal é a función de cada un.
- PASO 3** Nunha cartolina, debuxade as seccións do negocio. Sinalade con carterais e frechas as actividades que se realizan en cada sección.
- PASO 4** Poñédelle nome á empresa e deseñade un logotipo que sexa bonito.



A túa revista



Nin tantos nin tan poucos!

Illán de Vacas é o municipio con menos habitantes de España. Unicamente un home para nove quilómetros cadrados. Está só!

No outro extremo está Mislata, en Valencia, que ten 20.845 habitantes por quilómetro cadrado. É o municipio máis densamente poboado de España.

Unha destas dúas localidades está cerca da costa. Cal será?

Imos que voamos!

Sabías que España é o país de Europa con máis quilómetros de vía de tren de alta velocidade? Ademais é o terceiro do mundo. Só a China e o Xapón nos superan. Ao longo de 2.056 quilómetros de vías españolas pódese circular a máis de 350 quilómetros por hora de velocidade. Non está nada mal, verdade?

Que é unha vía de comunicación?

Cantos quilómetros percorrerei en 2 horas?



Que servizos necesita un turista?

Temos visita!

Uns 60 millóns de persoas veñen a España de viaxe cada ano. Son os turistas, e grazas a eles moitos españois traballan no sector servizos. Gran parte deses turistas son ingleses, franceses, alemáns e asiáticos. Para atendelos ben, en que idioma poderías comunicarte con eles?

Ultramarinos?

Non son unha especie de estraños e curiosos peixes. Son as antigas tendas que vendían produtos de "ultramar", é dicir, do outro lado do mar: especias, chocolates, froitos exóticos e moitas cousas máis.

A tenda de ultramarinos máis antiga de España atópase en Huesca. Abriu en 1871 e segue funcionando na actualidade.



Como se chaman agora os comercios que venden produtos variados?



Que é a publicidade? É certo todo o que se di nos anuncios?



As teas máis bonitas

A publicidade non é algo dos nosos tempos. Hai máis de 5.000 anos un comerciante exipcio puxo un anuncio para buscar un escravo que escapara. De paso, fixo publicidade do seu taller de tecer teas. Decía que eran as mellores e que se elaboraban ao gusto de cada cliente.